


Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.



Pleno do Concello de Oroso

Sesión ordinaria do 26/01/2017

Acta 2017/01.

No salón de plenos da Casa do Concello, ás 19:00 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel – alcalde – (PSdeG-PSOE).
- 2 Leira Piñeiro, Antonio (PSdeG-PSOE)
- 3 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 4 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 5 Boo Martínez, Vanesa (PSdeG-PSOE)
- 6 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 7 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 8 Josefina Iglesias Blanco (PP).
- 9 Suárez García, Silvia (PP)
- 10 Parga Villaverde, Pablo (PP).
- 11 Mirás Liñares, Manuel Siverio (SON - ANOVA)
- 12 Pérez Penas, José Manuel (BNG)

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Canelo. Asiste o Interventor titular da Corporación D. Félix Manuel Carrasco del Pozo, non asiste o concelleiro D. Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE) sen que conste a esta Secretaría motivo da ausencia.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1. Aprobación de actas do Pleno do Concello
 - 1.1 Acta da sesión ordinaria do 24/11/2016. Acta 2016/11
 - 1.2 Acta da sesión extraordinaria do 30/12/2016. Acta 2016/12.
2. Aprobar se procede a rectificación anual do inventario municipal de bens e dereitos.
3. Aprobar se procede a desafectación do tramo de camiño nº 4 de camiño público existente en Senra, lugar de A Torre.

II PARTE DE CONTROL

4. Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1070/2016 do 21/11 ata o 62/2017 do 20/01.
5. Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 21/11/2016 ata o 20/01/2017.
6. Mocións dos Grupos municipais.
7. Rogos e preguntas.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas do Pleno do Concello

1.1 Acta da sesión ordinaria do 24/11/2016. Acta 2016/11

LOGO DE VER a minuta da acta 2016/11, ábrese unha quenda de intervencións.

Non se formulan intervencións.

Vótase a aprobación da acta.

O pleno por:

Votos a favor: doce (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; 1 de SON; e 1 de BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos); adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 24/11/2016. Acta 2016/11.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 2016/11 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

1.2.- Acta da sesión extraordinaria do 30/12/2016. Acta 2016/12.

LOGO DE VER a minuta da acta 2016/12, ábrese unha quenda de intervencións.

Non se formulan intervencións.

Vótase a aprobación da acta.

O pleno por:

Votos a favor: once (6 de PSG-PSOE; 4 de PP; e 1 de BNG);

Votos en contra: un (1 SON - ANOVA);

Abstencións: ningunha (0 votos); adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 30/12/2016. Acta 2016/12.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 2016/12 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

2.-Aprobar se procede a rectificación anual do inventario municipal de bens e dereitos.

Logo de ver a proposta de acordo asinada polo Alcalde da corporación con data de 12 de xaneiro de 2017 que sinala:

“LOGO DE VER que o 11/2015 o pleno do Concello aprobou inicialmente a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso polo período de tempo que vai do 01/01/2015 ao 12/11/2015

LOGO DE VER a providencia de Alcaldía do 02/01/2017

LOGO DE VER o informe favorable de Secretaría do 11/01/2017

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



TENDO EN CONTA que o artigo 33.1 do Regulamento de bens das entidades locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño) establece que a rectificación do Inventario Municipal se verificará anualmente, reflectíndose na mesma as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.

TENDO EN CONTA que a rectificación debe recoller as variacións ocorridas durante o ano e os erros que no foron detectados con anterioridade, sen prexuízo da revisión que poida proceder segundo os procedementos ordinarios, pois sería absurdo que unha omisión involuntaria no puidera salvarse ata o ano seguinte.

TENDO EN CONTA que cabe en todo momento incorporar ao Inventario novas propiedades mediante acordos puntuais sen esperar á rectificación anual. Os sistemas informáticos e un adecuado programa permiten ter ao día e reflectir as altas e baixas ao momento de producirse.

TENDO EN CONTA que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de bens das entidades locais.

TENDO EN CONTA que o artigo 32.1 do regulamento de bens das entidades Locais establece que unha vez se probe a rectificación anual do inventario, se remitirá copia do mesmo á administración do estado e da comunidade autónoma.

TENDO EN CONTA que consonte ao establecido no artigo 9.2 do Regulamento de bens de las entidades locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos e segundo o establecido no artigo 68.2 da lei reguladora das bases de réxime local, calquera veciño pode requirir á corporación para o exercicio das accións, podendo incluso os veciños exercer esa acción en nome e interese da entidade local. Con ese argumento e tomando como base o establecido no artigo 83 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se considera convinte expoñer ao público o expediente de rectificación do inventario, a fin de ter unha información dos bens que se relacionan e se poidan formular alegacións que axuden a depurar no seu caso os erros ou poñan de manifesto calquera omisión ou circunstancia que sexa oportuno ter en conta.

TENDO EN CONTA que consta no expediente as seguintes BAIXAS producidas no inventario municipal:

Epígrafe Inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmóbles - Infraestruturas	296.766,00
TOTAL	296.766,00

TENDO EN CONTA que consta no expediente as seguintes ALTAS producidas no inventario municipal:

Epígrafe Inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmóbles - Infraestruturas	231.014,20
Epígrafe 2 - Dereitos reais	581,95
Epígrafe 7 - Mobiliario	13.410,88
TOTAL	245.007,03

TENDO EN CONTA que consta no expediente as seguintes MODIFICACIÓNS producidas no inventario municipal:

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.

Ficha INM20160001 "Alameda de Gois" .- Modifícase a súa inscrición de xeito que se inclúe o ben no apartado de vías públicas urbanas (anteriormente estaba incluído no apartado de bens inmobles sen edificar)

TENDO EN CONTA as atribucións que me outorga a lexislación de réxime local proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO. APROBAR INICIALMENTE a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

BAIXAS:

Epígrafe Inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmobles - Infraestruturas	296.766,00
TOTAL	296.766,00

ALTAS:

Epígrafe Inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmobles - Infraestruturas	231.014,20
Epígrafe 2 - Dereitos reais	581,95
Epígrafe 7 - Mobiliario	13.410,88
TOTAL	245.007,03

MODIFICACIÓNS

Ficha INM20160001 "Alameda de Gois" .- Modifícase a súa inscrición de xeito que se inclúe o ben no apartado de vías públicas urbanas (anteriormente estaba incluído no apartado de bens inmobles sen edificar)

SEGUNDO. EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

TERCEIRO. REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais."

Ábrese unha quenda de intervencións.
Non hai intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).
Votos en contra: ningún (0 votos).
Abstencións; ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

PRIMERO. APROBAR INICIALMENTE a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.

BAIXAS:

Epígrafe Inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmóbles - Infraestruturas	296.766,00
TOTAL	296.766,00

ALTAS:

Epígrafe Inventario	Importe
Epígrafe 1 - Inmóbles - Infraestruturas	231.014,20
Epígrafe 2 - Dereitos reais	581,95
Epígrafe 7 - Mobiliario	13.410,88
TOTAL	245.007,03

MODIFICACIÓNS

Ficha INM20160001 "Alameda de Gois" .- Modifícase a súa inscrición de xeito que se inclúe o ben no apartado de vías públicas urbanas (anteriormente estaba incluído no apartado de bens inmóbles sen edificar)

SEGUNDO. EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

TERCEIRO. REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

3.-Aprobar se procede a desafectación do tramo de camiño nº 4 de camiño público existente en Senra, lugar de A Torre.

Logo de ver a proposta de acordo asinada polo Alcalde da corporación con data de 26 de decembro de 2016 que sinala:

"LOGO DE VER con data de 26/05/2016 o pleno do Concello de Oroso declarou a titularidade pública do seguinte ben: Camiño Público en Senra, Lugar a Torre, constituído por catro tramos:

1. Tramo 1: entre as leiras 111, 112, 110, 114 e 115 do plano de Concentración Parcelaria Senra-Cardama
2. Tramo 2 entre leira 117 e 112 do plano de Concentración Parcelaria Senra-Cardama
3. Tramo 3 entre leira 117 e 115 do plano de Concentración Parcelaria Senra-Cardama
4. Tramo 4 entre leira 117 e 118 do plano de Concentración Parcelaria Senra-Cardama

LOGO DE VER que o tramo 4, cunha superficie de 397,40 m² discorre entre as leiras 117 e 118 do plano de Concentración Parcelaria Senra-Cardama e finaliza na parcela 129 do polígono 32 (actualmente é a parcela 160 do polígono 2 do plano de concentración parcelaria Senra-Cardama-Villarromaris II).

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.



Tendo en conta que as leiras 117, 118 do plano de concentración Parcelaria Senra-Cardama e a 160 do plano de concentración parcelaria Senra-Cardama-Villarromaris II pertencen a un mesmo propietario.

Tendo en conta que o tramo 4 do camiño non ten continuidade máis aló da parcela 160 e que tanto a parcela 160 do polígono II, polo seu linde oeste, e as parcelas 117 e 118 dan fronte igualmente a camiño público.

Considérase conveniente para a concello a desafectación do tramo 4 do camiño público en Senra, Lugar a Torre xa que dada a situación descrita anteriormente (mesma titularidade das leiras as que da acceso) non cumpre con fin de uso público e non é utilizado polos demais veciños da zona.

LOGO DE VER o informe emitido polo Arquitecto Municipal con data de 13 de abril de 2015, completado posteriormente mediante informe emitido con data de 20 de decembro de 2016.

LOGO DE VER o informe favorable emitido polo Secretario do Concello con data de 23 de decembro de 2016.

TENDO EN CONTA que o artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acredite súa oportunidade e legalidade.

TENDO EN CONTA que o artigo 8 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais e o artigo 47.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establecen que o expediente deberá ser resolto, previa información pública durante un mes, pola Corporación Local respectiva, mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de aquela.

TENDO EN CONTA que cúmprense as razóns de oportunidade e legalidade, xa que como se dixo se trata dun camiño que na actualidade non ten tránsito público que discorre entre dous parcelas dun mesmo propietario, que non ten mais continuidade máis aló da parcela 160 e que as parcelas afectadas manteñen fronte a outras vías públicas.

TENDO EN CONTA que en cumprimento do disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno a adopción do presente Acordo:

PRIMEIRO. ALTERA a cualificación xurídica do ben inmovible identificado como "tramo 4 do Camiño Público en Senra, Lugar a Torre" descrito como:

Tramo 4 que discorre entre as leiras 117 e 118 do plano de concentración parcelaria de Senra – Cardama iniciándose a súa traza desde o límite coa parcela 129, polígono 132 (que se corresponde coa parcela 160, polígono 2 do proxecto de concentración parcelaria de Senra – Cardama – Villarromaris II) e rematando na esquina coa parcela 2 (entre a finca 117 e 112) sendo o remate perpendicular ao eixo do propio camiño, tal e como se reflicte no plano que acompaña ao informe do Arquitecto Municipal de 20 de decembro de 2016.

desafectándoo do dominio público e cualificándoo como ben patrimonial.

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.

SEGUNDO. INICIALO período de información pública por prazo de un mes, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial, para que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes. No caso de non presentarse aquelas o acordo adoptado inicialmente entenderase definitivo.

Ábrese unha quenda de intervencións.
Non hai intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións; ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. ALTERA a cualificación xurídica do ben inmueble identificado como “tramo 4 do Camiño Público en Senra, Lugar a Torre” descrito como:

Tramo 4 que discorre entre as leiras 117 e 118 do plano de concentración parcelaria de Senra – Cardama iniciándose a súa traza desde o límite coa parcela 129, polígono 132 (que se corresponde coa parcela 160, polígono 2 do proxecto de concentración parcelaria de Senra – Cardama – Vilarromaris II) e rematando na esquina co une co tramo 2 (entre a finca 117 e 112) sendo o remate perpendicular ao eixo do propio camiño, tal e como se reflicte no plano que acompaña ao informe do Arquitecto Municipal de 20 de decembro de 2016.

desafectándoo do dominio público e cualificándoo como ben patrimonial.

SEGUNDO. INICIALO período de información pública por prazo de un mes, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial, para que os interesados presenten as reclamacións que estimen pertinentes. No caso de non presentarse aquelas o acordo adoptado inicialmente entenderase definitivo.

II PARTE DE CONTROL

4.-Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1070/2016 do 21/11 ata o 62/2017 do 20/01.

Dase consta aos señores concelleiros das resolución ditadas pola Alcaldía desde a derradeira sesión ordinaria que van desde a nº 1070/2016 do 21/11 ata o 62/2017 do 20/01 das que se lle deu unha relación xunto coa convocatoria da sesión e que estiveron a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da sesión do pleno.

5.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 21/11/2016 ata o 20/01/2017.

Dáse conta dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 26/09/2016 ata o 18/11/2016 e que se detallan a continuación:


Fecha	Contido
25/11/2016	Contratación diverso persoal ao amparo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Apro1)
22/12/2016	Aprobación factura nº 16 0001999 de Viraxes S.L referente á actividade deportiva de Baloncesto.
29/12/2016	Aprobación factura nº 16 000229 de Viraxes S.L referente á actividade deportiva de Baloncesto.

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.



6.-Mocións dos Grupos municipais.

6.1 Moción que presenta o grupo municipal socialista (RE n1 0246/2017 do 26/01) sobre a reversión do superavit.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) que afirma que a filosofía da moción presentada polo seu grupo é solicitar que na prórroga dos orzamentos do Estado ou na lei de acompañamento dos novos orzamentos se permita investir aos concellos o superavit sen necesidade de ter que xustificar novos ingresos polo mesmo importe. Considera que debe terse en conta que precisamente son as Entidades Locais as mais cumpridoras na cuestión da débeda, xa que se trata das administracións menos endebedadas en comparación co Estado e coas Comunidades Autónomas. É por iso polo que considera que se lles está de novo a gravar aos concellos ao non permitírselles investir o superavit no orzamento seguinte. Se excluimos aos grandes Concellos como Madrid, Barcelona ou Valencia o nivel de débeda dos concellos é aínda máis baixo e por iso considera que se está a ter un tratamento desigual respecto ao Estado e ás Comunidades Autónomas. Por iso considera que resulta urxente a aprobación da presente moción.

Non existindo máis intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación, sendo por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións; ningunha (0 votos) aprobada a urxencia.

A continuación D. Antonio Leira Piñeiro da lectura á moción presentada:

“A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOEPSF sinala que “as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”, mentres que o art. 32, referido ao destino do superávit, sinala que “este destinarase a reducir o nivel de endebedamento”.

A lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir, aos concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financieramente sustentables, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto/Lei 2/2014, de 21 de Febreiro no seu DÁ 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesouraría, que pagasen antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobranse a amortizar débeda.


Ao longo destes anos esta situación trouxo consigo un paradoxo: as entidades locais son as únicas administracións en superávit, están saneadas e cumpren os seus obxectivos pero non poden investir ese aforro.

Nestes momentos a administración local convertiuse na administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local xa chegou este ano aos obxectivos do 3% fixados para 2020, con catro anos de adianto; o superávit das Entidades Locais, achega ao cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo aos seus provedores.

Por iso, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto das entidades locais, e tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30 de novembro, permítalles utilizar o superávit, que este ano rolda os 4.500 millóns de euros.

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.



Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións das entidades locais, cuxas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir poñendo os intereses da veciñanza por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo investimentos, desenvolvemento e o fortalecemento do Estado de Benestar

Os gobernos locais son a administración máis próxima a(o)s cidadá(n)s, e máis nestes momentos de crise, o Goberno non debe pór trabas ao seu labor na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo iso, os Grupo Municipal Socialista do Concello de Oroso presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno do Concello de Oroso a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

•Permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.”

Continúa sinalando D. Antonio Leira Piñeiro que é hora de que a Lei de Montoro dea paso aos concellos que cumpren, que son aforradores e que poidan dedicar dito aforro ao que consideren oportuno sen que se lles poñan mais trabas e que deste xeito se lles permita satisfacer as demandas dos veciños.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) manifesta a súa intención de votar a favor.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) afirma que non entende moi ben como esta moción é presentada polo grupo do PSdeG-PSOE tendo en conta o acordo a nivel nacional ao que teñen chegado o P.P o PSOE e Cidadáns que foi o que permitiu que seguira gobernando o Partido Popular.

Intervén o Sr. Alcalde, quen afirma que D. Manuel Siverio Mirás Liñares non deixa de dicir barbaridades.

D. Alexander Doval Expósito (P.P) afirma que o seu grupo está de acordo en que os concellos que contén con superavit poida destinalo ao que consideren oportuno e o que necesiten.

O Sr. Alcalde considera que é increíble que a Administración que precisamente mellor funcionou en tempos de crise, como foi a Administración Local, tendo diñeiro non o poida utilizar e invertir por mor dunha decisión do goberno. Afirma que se de algo se pode estar orgullosos nestes tempos difíciles de crise é precisamente do bo comportamento que tiveron os concellos.

Seguidamente da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o pleno por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións; ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

Instar ao goberno de España a permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.

6.2 Moción que presenta o grupo municipal socialista (carente de rexistro de entrada) referente ás prazas de Tesourería nos Concellos.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen comeza pedindo desculpas a todos os membros dos restantes grupos políticos xa que non lles deu tempo a presentar por rexistro de entrada a moción, pero que considera que se trata dunha cuestión de especial urxencia e transcendencia e que polo tanto procede tratar a mesma no presente pleno. A continuación sinala que o certo é que unha norma estatal está a impoñer que os Concellos de

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.



mais de 5.000 habitantes teñan que contar coa figura dun Tesoureiro habilitado nacional. Considera que non deixa de ser paradóxico que o Goberno lle diga ás entidades locais que teñen que ter contención do gasto e sen embargo despois nos obriguen a crear esta figura que incrementa o gasto de persoal. Pero o problema, considera, que non so é os cartos que supón a creación dunha praza de Tesourería reservada a funcionario con habilitación de carácter nacional se non que tampouco existen funcionarios suficientes para cubrir estas prazas e ademais estes funcionarios con habilitación de carácter nacional tampouco son dioses e ao igual que pasa co Secretario ou o Interventor necesitarían de auxiliares e administrativos que os acompañen para facer o traballo de tesourería. Estamos vendo estes días que na presa, xa se deron os primeiro problemas, con Concellos que non poden facer fronte a pagos por carecer desta figura e non poden nin pagar as nóminas dos empregados do Concello.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a urxencia da moción a votación, sendo por:

Votos a favor: doce (6 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións; ningunha (0 votos) aprobada a urxencia.

Continúa D. Antonio Leiro Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen procede a dar lectura á moción presentada:

“Un dos problemas que ven afectando ao funcionamento diario dos concellos en Galicia é a imposibilidade de cubrir os postos de tesoureiro, interventor e/ou secretaria, por falta de candidatos.

Esta incapacidade, que afecta gravemente aos municipios pequenos e medianos, ven causada, en primeiro lugar, polo feito de que estes funcionarios deben ser a día de hoxe habilitados nacionais. Os nomeamentos existentes non son suficientes para cubrir as vacantes actuais de Galicia.

Esta situación vense de facer máis crítica por canto o Artigo 3 do Real Decreto-Lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no Orzamento do Estado e se adoptan outras materias en materia de emprego público e de estímulo á economía, modifica o exercicio de responsabilidade da Tesourería nas corporacións locais de menos de 5.001 habitantes, que é o caso de 200 concellos en Galicia. Ata agora podían ocupar eses postos con traballadores doutras categorías, pero co cambio, impónselles a habilitación nacional ou que contén con un funcionario propio do grupo A1 que voluntariamente se preste a desenvolver o labor. Aínda que se prorrogou a entrada en vigor deste artigo durante un ano, a partir de xaneiro de 2017 faise efectiva. Esta situación ocasionaría a parálise da actividade municipal.

Ademais esta cuestión vese empeorada ao supoñer os salarios deses 200 tesoueiros un gasto engadido, difícil de asumir e que supón unha flagrante contradición coa Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, así como co principio de indemnidade das Facendas Locais e a normativa de Estabilidade Orzamentaria.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista, dada a importancia que ten o tema e as consecuencias que a situación lles crea aos concellos afectados, propón ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Prorrogar de xeito inmediato a non obrigatoriedade da habilitación nacional para os Tesoueiros dos concellos de menos de 5.001 habitantes.

2.- Modificar, con urxencia, a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Art. 92 bis e Disposición Transitoria sétima) no referido á obriga de que as funcións de tesourería sexan desempeñadas por funcionarios con habilitación nacional, non xa en Concellos de menos de 5.001 habitantes, senón en tódolos Concellos de menos de 20.000 habitantes.

3.-Dar traslado do acordado ós Ministerios con competencias nas materias obxecto da Moción.”

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que en parte está a favor e en parte está en contra, considera que nos concellos aínda existindo Secretarios e

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.

Interventores existen problemas de legalidade e por outro lado está de acordo en solicitar unha moratoria pero considera que os Tesoureiros dos concellos deben estar cualificados.

D. Alenxander Doval Expósito (P.P) afirma que se trata dun tema que saiu agora na prensa con motivo do problema do Concello de Sarria e non cabe dúbida que os funcionarios con habilitación de carácter nacional están mais preparados e capacitados. Está de acordo en que se ten que buscar unha solución, que debería ser sacar mais prazas de habilitados pero isto nos leva a outra cuestión como é se un concello de 300 habitantes pode manter un posto dun funcionario, polo que nos levaría a outro debate como é o da fusión dos concellos.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que neste tema debemos ter en conta que dos 93 concellos existentes na provincia de A Coruña, 86 teñen delegada a recadación na Deputación Provincial polo que o Tesoureiro neste concellos o único que tería que facer ou que estaría obrigado a facer sería firmar os mandamentos de pago e abrir as vías de apremio xa que a fiscalización e o control xa lle correspondería ao Interventor da Corporación. Polo tanto a maioría dos concellos, como o de Oroso, están a pagarlle á Deputación pola realización da recadación, e o certo é que, polo menos no caso de Oroso o está facendo moi ben. A conclusión sería que no Concello de Oroso se tería que destinar 50.000 euros a pagar a unha persoa que se quere podería limitarse a ordenar o pagamento das facturas previamente fiscalizadas polo Interventor. Considera que cando se fixo esta norma, probablemente estaban a pensar en moitos concellos de España onde un concelleiro fai as funcións de Tesoureiro, como por exemplo en Frades, O Pino, Mesía, etc...Imaxínade eses concellos que so teñen a un Secretario – Interventor levando as funcións de Secretaría e de Intervención que agora lle metan a un Tesoureiro que so teña que ordear os pagos xa que todo o demais o leva a Deputación. O que realmente se ten que explicar aquí e o que fai un Tesoureiro, nun concello, xa que o que realmente fiscaliza é o Interventor e o Tesoureiro se limita a realizar materialmente os pagos, polo que aqueles concellos que non teñan a recadación delegada ponde ser que necesiten a un Tesoureiro, pero aqueles que a teñen realmente non fai falta. Considera igualmente unha incoherencia que o Goberno do Estado no permita a creación de novas prazas de Administrativo ou de Auxiliar que sería o que faría falta crear neste Concello e sen embargo obrigue á creación dunha praza de Tesourería reservada a habilitado de carácter nacional. Desde a FEGAMP e a FEMP se aprobou tamén por unanimidade solicitar a modificación da norma. Nos na RPT imos a crear a praza de Tesourería pero nos parece innecesaria de ahí que traigamos esta moción.

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que el non pretende ir en contra dun acordo supramunicipal adoptado na FEGAMP ou na FEMP por unanimidade dos concellos, pero si quere sinalar que se as competencias dos concellos están delegadas na Deputación, entende que o que debería desaparecer serían as Deputacións xa que existe unha duplicidade de funcións e polo tanto deberían recuperarse competencias polos concellos. Considera que non ten sentido efectivamente que norma obrigue a ter un Tesoureiro e que este non teña funcións nos concellos porque as competencias estean delegadas nas Deputacións, insiste de todos xeitos que non vai apoñerse a acordos supramunicipais adoptados por unanimidade.

D. Manuel Siverios Mirás Liñares (SON – ANOVA) manifesta que é un tema que non ten claro e que se vai a abster.

D. Alexander Doval Expósito (P.P), sinala en relación ás palabras do Sr. Alcalde que a delegación de competencias que ten feita o Concello na Deputación en calquera momento se pode revogar e que en todo caso non se poden facer as leis mirando so para o caso do Concello de Oroso, se non que se fan para a xeneralidade dos concellos.


O Sr. Alcalde manifesta que el tamén está en contra das Deputacións tal e como están configuradas hoxe en día, non é necesario que teñan un persoal tan amplo, pero se ten que recoñecer que a función que está a facer en materia de recadación é boa. Afirma que lle gustaría que as cousas se xestionaran como se fixo co Plan E, onde se xestionou directamente

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.



os Concellos con Madrid sen necesidade de que interviñeran as Deputacións.

Seguidamente da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións; cinco (4 do P.P e 1 de SON - ANOVA) adopta o seguinte acordo:

Solicitar ao Ministerio competente en materia de Administracións Públicas:

- 1.- Prorrogar de xeito inmediato a non obrigatoriedade da habilitación nacional para os Tesoureiros dos concellos de menos de 5.001 habitantes.
- 2.- Modificar, con urxencia, a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Art. 92 bis e Disposición Transitoria sétima) no referido á obriga de que as funcións de tesourería sexan desempeñadas por funcionarios con habilitación nacional, non xa en Concellos de menos de 5.001 habitantes, senón en tódolos Concellos de menos de 20.000 habitantes.
- 3.-Dar traslado do acordado ós Ministerios con competencias nas materias obxecto da Moción.”

7.-Rogos e preguntas.

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que o tema do enlace da AP-9 está xa pasando de castaño a escuro. Existen cidadáns que se están vendo claramente perxudicados por este tema, se as obras se pararon por un erro burocrático, ¿Canto pode tardar en arranxarse algo así?. Considera que chegados a este punto se deberían de tomar outro tipo de medidas mais contundentes.

O Sr. Alcalde resposta que a última vez que estivo en Fomento foi o día 16/12/2016 e que lle dixeron que en marzo estarían rematadas as obras, pero se ve que en marzo tampouco estarán, está de acordo en que se van a ter que tomar medidas contundentes e que o único que lle alegra desta situación é que queda claro que as obras estaban mais que paradas cando algún concelleiro afirmaba que as obras non estaban paradas.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) continúa sinalando que no paseo do Portiño dirección Estación hai unha arqueta rota, e solicita que sexa arranxada. Igualmente sinala que fai xa dous meses advertiu aos concelleiros da existencia dun remolque nunha beirarrúa que obstaculiza parte dun camiño, e que se deberían tomar medidas e que se lle busque outra ubicación mais axeitada polo dono. Indica igualmente que na praza Alexandre Bóveda, onde está o parque, existe un altillo con pedra que está todo sucio e solicita que se adecente. Na rúa Ulloa existen varios buratos que sería necesario reparar e igualmente queredría preguntar ao concelleiro delegado de deportes pola instalación de desfibrilador, pero hoxe está ausente.

O Sr. Alcalde responde que en relación ao desfibrilador aínda non está pero estará en breve tempo.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) afirma que van 4 ou 5 meses se lle obrigou a un veciño a demoler a súa vivenda e que queredría saber como estaba o expediente.

O Sr. Alcalde responde que tería o concelleiro que preguntarlle á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) porque todas as competencias fora de solo urbano ou núcleo rural lle corresponden á APLU e non ao Concello.

D. Alexander Doval Expósito (P.P) fai referencia a unha marquesiña cerca do CEIP que ten un cristal roto e outra na Avenida da Grabanxa no kilómetro 11 ou 12 que tamén se atopa aberta, e solicita que se proceda ao seu arranxo. Igualmente na parroquia de Pasarelos hai un contendor de lixo que está bastante metido na cuneta e os veciños teñen problema para acceder a el e botar o lixo. Igualmente considera que a Cabalgata de Reis debería replantearse




Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.



a posibilidade de que poida facer un percorrido polas parroquias como se facía hai tempo, si non toda al menos parte.

Outro tema que considera recorrente é que volve a solicitar que desde o Concello se lles notifiquen polo medio que sexa os actos organizados polo concello aos concelleiros do seu grupo, xa que se siguen organizando actuacións sen que lles sexan comunicadas.

En canto ás preguntas lle gustaría saber como se atopa o proxecto das pistas de tenis que tiña pensado realizar o Concello e igualmente os días 16 e 21 de decembro volveron a saír en prensa noticias dos chalets do Alto de Vilanova se falaba de responsabilidade patrimonial e da execución polo concello dun proxecto de demolición e por outro lado dun proxecto de legalización cuestións que parecen contradictorias entre si, polo que lle gustaría que o Sr. Alcalde lles explicara o estado actual deste tema e se hai algunha novidade.

O Sr. Alcalde afirma que en canto ás pista de tenis é un problema administrativo, ata que non se resolucione non se poderán levar a cabo. A última modificación puntual do PXOM que se trouxo a aprobar ao Pleno soluciona ese atranco pero ata que non estea aprobada por urbanismo non se poderán levar a cabo.

En canto ao tema dos chalets considera que a culpa e de D. Manuel Siverio Mirás Liñares e do propio D. Alexander Doval Expósito que están aconsellando mal á xente sobre este tema. O Concello está facendo o que ten que facer, se encargou que o concello fixera o proxecto de demolición e cree que os promotores están tentando facer un proxecto de legalización, pero o que pasa e que algún o que quere é tirar cos chalets e están empeñados en iso.

Intervén D. Josefina Iglesias Blanco (P.P) quen afirma que iso que di o Sr. Alcalde non é certo, que o seu grupo non ten interese en que se tiren os chalets e que o Sr. Alcalde lles diga o que poden facer para colaborar en este tema porque eles non queren que iso se tire.

O Sr. Alcalde afirma que iste tema lles vai a pesar como unha lousa e o que están facendo é ir contra os propietarios.

D. Alexander Doval Expósito (P.P) replica que o seu grupo fai esta pregunta precisamente porque llo piden cinco propietarios afectados.

O Sr. Alcalde afirma que o que están é manipulando á xente con este tema.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que queredría que o grupo municipal do P.P pedira disculpas non so aos concelleiros se non á cidadanía por dicir que as obras da AP-9 non estaban paradas cando si que o estaban e dicir que o grupo de goberno estaba a mentir sobre este tema e que as obras se iniciaron co P.P e se ían a terminar tamén co P.P. Afirma que o prexuízo neste tema é grande, que existen empresas que se ían a instalar en Oroso e que non o fixeron por culpa de que estas obras estaban paradas, e así mesmo o prexuízo aos veciños que o sufren todos os días. Considera que o grupo municipal do P.P de Oroso non fixo nin o amago de pedir disculpas aos veciños e veciñas e a esta corporación por dicir que estaban mentindo cando claramente as obras estaban e están paradas, e xa pasou mais dun ano.

Intervén D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) quen afirma que o concelleiro sinalou que se dixera que as obras íban a iniciarse co P.P e que se ían a terminar co P.P e vai a ser certo xa que grazas a abstención do PSOE en Madrid vai seguir gobernando o P.P.

O Sr. Alcalde seguidamente procede a dar por rematada a sesión cando son as 19:59 horas do día antedito, da que se estende a presente acta.

Como secretario dou fe do seu contido.

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

O secretario,

Federico Suárez Canelo.

